



ESCOLA UNIVERSITARIA  
DE RELACIÓNS LABORAIS  
Campus universitario sur  
15782 Santiago de Compostela

Escola Universitaria de Relacións Laborais  
**CONVOCATORIA CAMBIO DE GRUPO "DIPLOMATURA EN RELACIÓNS LABORAIS"**  
CURSO 2009-2010

A normativa da USC para a organización docente de primeiro e segundo ciclo, aprobada pola Xunta de Goberno do 31 de outubro de 1996, establece que é competencia dos centros a publicación dos criterios de distribución do alumnado entre os distintos grupos, así como a regulación do procedemento para a solicitude de cambio de grupo e a súa resolución. Os criterios a seguir ó respecto serán os seguintes:

1.- Dos grupos.

Nas materias para o curso 2009-2010 os/as alumnos/as da diplomatura estarán adscritos inicialmente aos diferentes grupos previstos no PDA en función da inicial do seu primeiro apelido do xeito seguinte:

2º e 3º cursos: Grupo A (A-L) horario de mañá  
Grupo B (M-Z) horario de tarde

2.- Cambio de quenda

O cambio de grupo establécese como cambio de quenda, polo que, si é concedido, afectará a todas as materias das que se matricule o/a alumno/a, tanto no primeiro prazo de matrícula como nos sucesivos prazos de modificación ou ampliación.

O/a alumno/a ó que se lle conceda o cambio de quenda e amplie matrícula nos prazos establecidos para elo, quedará vinculado nas materias das que se matricule ao grupo que se lle concedeu na resolución de cambio de grupo.

A solicitude de cambio de grupo considerarase, pois, como unha solicitude en bloque de todas as materias das que se matricule o alumno no curso 2009-2010.

3.- Solicitudes e prazo

a) Os/as alumnos/as interesados/as en solicitar o cambio de grupo deberán efectuar unha única solicitude do 1 ao 21 de outubro de 2009.

b) A solicitude farase a través da Secretaría Virtual na páxina Web da Universidade (<https://sec-virtual.usc.es/Secretaria/Login.asp>), para aqueles estudantes que teñan conta de RAI. Para os estudantes que non teñan conta de RAI accederán a seguinte dirección ( <https://matricula.usc.es/login/Login.asp>). Este procedemento é o único habilitado para este proceso.

c) Os/as alumnos/as deberán presentar na Secretaría do Centro ou na Oficina da Xestora Académica o resguardo da solicitude, que poderán imprimir no momento de cumprimentala a través da Secretaría Virtual, xunto á documentación acreditativa da situación que lles impidan asistir as clases (motivos familiares, laborais, físicos, de transporte, ...) no grupo que lle corresponde por apelido.

Para a resolución das solicitudes terase en conta exclusivamente a documentación presentada. **A falta desta documentación implicará a non aceptación a trámite da solicitude realizada.**

#### 4.- Alumnos/as de intercambio (Erasmus, Sicue, outros convenios)

Os/as alumnos/as que cursen estudos neste Centro ao amparo de convenios de intercambio ou bilaterais, poderán elixir o grupo que desexen en cada unha das materias das que se matriculen. A solicitude deberana facer ou ben na Secretaría Virtual, se a teñen habilitada, ou ben na Oficina da Xestora Académica.

#### 5.- Resolución e efectos

- a) A resolución das solicitudes será publicada nos taboleiros de anuncios da E.U. de Relacións Laborais e na páxina web do Centro. Estas resolucións publicaranse nun prazo non superior a 7 días contados dende a data de finalización dos prazos de solicitude.
- b) Todos os cambios de grupo concedidos na presente convocatoria serán irrenunciabes.
- c) A resolución do Director sobre concesión e denegación de solicitudes de cambio poderá recorrerse en alzada perante o Reitor no prazo dun mes dende que se ditou o acto. Será de aplicación a normativa académica e maila Lei 30/1992 das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2009

O Director  
  
Juan Carlos Fernández

SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. DIRECTOR DO C.O.I.E.; SRA. XEFA DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.; TABOLEIRO DA E.U. DE RELACIÓNS LABORAIS, XESCAMPUS., XESCAMPUS.

**Anexo 1**

**IMPRESO SOLICITUDE CAMBIO DE GRUPO**

**DATOS PERSONAIS**

APELIDOS	NOME
D.N.I.	
RUA/PRAZA,nº, piso	LOCALIDADE
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

Alumno/a da DIPLOMATURA DE RELACIÓNS LABORAIS na Escola Universitaria de Relacions Laborais da Universidade de Santiago de Compostela no actual curso 2009/10, vista a **CONVOCATORIA DE CAMBIO DE GRUPO**, de data .....

**EXPON QUE:**

**POLO QUE SOLICITA:**

**DOCUMENTACIÓN QUE APORTA:**

Santiago,.....de.....de 2009

Asdo.-